



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

CIF: G32244345

### **RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, portavoz e deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA O COMPROMISO DE EXCELENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COA MEMORIA HISTÓRICA DE OURENSE**

O triste legado do golpe de estado de Franco contra o Goberno lexítimo da II República está constituído pola multitude de persoas que foron asasinadas, perseguidas, exiliadas, detidas, torturadas e presas tanto en campos de concentración de España como de fóra, sen esquecer o espolio dos seus bens e o padecemento que acompañou ás vítimas que sobreviviron e ás súas familias durante décadas de ostracismo, cando non de discriminación, vexacións e malos tratos que seguen sen reparar na maioría dos casos a día de hoxe.

Na exposición de motivos da chamada Lei de Memoria Histórica indícase que o “espírito de reconciliación e concordia, e de respecto ao pluralismo e á defensa pacífica de todas as ideas, que guiou a Transición, permitiu dotármonos dunha Constitución, a de 1978”. Ese espírito “explica as diversas medidas e dereitos que se han ir recoñecendo, desde a orixe mesma de todo o período democrático, en favor das persoas que, durante os decenios anteriores á Constitución, sufriron as consecuencias da guerra civil e do réxime ditatorial que a sucedeu”. Sabido é que “quedan aínda iniciativas por adoptar para dar cumprida e definitiva resposta ás demandas desa cidadanía, suscitadas tanto no ámbito parlamentario como por distintas asociacións cívicas”. Sinala tamén dito preámbulo que se trata “de peticións lexítimas e xustas, que a nosa democracia, apelando de novo ao seu espírito fundacional de concordia, e no marco da Constitución, non pode deixar de atender”.

Por iso mesmo, esta Lei atende ao manifestado pola Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados que o 20 de novembro de 2002 aprobou por unanimidade unha Proposición non de Lei na que o órgano de representación da cidadanía reiteraba que “ninguén pode sentirse lexitimado, como ocorreu no pasado, para utilizar a violencia coa finalidade de imponer as súas conviccións políticas e establecer réximes totalitarios contrarios á liberdade e dignidade de toda a cidadanía, o que merece a condena e repulsa da nosa sociedade democrática”.

Esta Lei “asume esta Declaración así como a condena do franquismo contida no Informe da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa asinado en París o 17 de marzo de 2006 no que se denunciaron as graves violacións de Dereitos Humanos cometidas en España entre os anos 1939 e 1975”. O artigo 1 da devandita Lei subliña que o seu obxectivo é, lembremos, ampliar dereitos a favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar, así como adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división na sociedade.

Deica o momento, tanto esta Deputación coma diferentes concellos da provincia teñen

[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

[Facebook: PSdeGdeOurense](#)

[Twitter: @PSdeGDepOU](#)



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

CIF: G32244345

auspiciado actos cívicos e institucionais de Memoria. O Concello de Ourense, gobernado polo Partido Popular, colaborou en 2005 co colectivo Amigos da República no levantamento dun monumento no cemiterio de san Francisco en memoria dos republicanos fusilados, monumento que posteriormente foi doado e entregada ao patrimonio municipal. Amoeiro, O Barco, Paderne de Allariz, Verín, Xinzo... son, entre outros, concellos nos que tamén tiveron lugar actos de Memoria e homenaxe ás vítimas do franquismo.

O movemento pola recuperación da memoria histórica (que da cabida a colectivos como a ARMH, Fundación Luís Tilve, etc.) leva a estenderse de xeito exponencial durante os últimos anos, non sendo allea a elo a nosa provincia onde o grupo de Amigos da República, entre outros, ten desenvolvido numerosas iniciativas, entre as que pode incluírse, a modo de exemplo, a solicitude dunha praza en Ourense que se denominara Veciños do Cambedo, pobo portugués que acolleu resistentes galegos e que por iso foi bombardeado e atacado por exército, PIDE e falanxistas. Unha representación da veciñanza portuguesa xunto ao presidente da Cámara municipal foi recibida oficialmente tanto no Concello como na Deputación polos seus respectivos presidentes en 2010.

A Deputación de Ourense tamén leva amosado a súa vinculación con esta tarefa de reparación colectiva dende 2007, contando dende aquela cunha páxina web na que están recollidas as identidades dos case 700 fusilados polo franquismo, así como os 3.600 apresados e os 2.400 xulgados por dito réxime ditatorial entre xullo de 1936 e decembro de 1940.

O ente provincial conta, así mesmo, cunha Biblioteca que foi elemento esencial para realizar, en 2005, unha exposición sobre a Literatura do Exilio, na que foron expostos os fondos das bibliotecas de Ben-Cho Shey, Lloria, Eduardo Blanco Amor e Alberto Vilanova.

A recente exposición que organizou esta Administración Provincial do cadro “A derradeira leición do mestre”, na que Castela homenaxeou ao seu amigo asasinado Alexandre Bóveda é unha mostra adicional da súa sensibilidade respecto das tráxicas consecuencias da represión franquista.

A Deputación de Ourense debe manter, aínda con máis forza, este rumbo de reparación moral das vítimas, fortalecemento da democracia e fidelidade á Lei de Memoria Histórica, erixindo á provincia en referente nacional da Memoria.

Polo exposto o Grupo Provincial Socialista presenta estas **PROPOSTAS DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Instar aos gobernos municipais para que promovan a posta en valor daquelas zonas e edificacións dos seus municipios nas que houbo presos e/ou mortes a causa da represión franquista como lugares da Memoria Histórica mediante a colocación de placas conmemorativas que informen e lembren respecto do alí acontecido, instalando, asemade, placas cos nomes das persoas executadas, co obxecto de homenaxealas e deixar testemuño da súa defensa e loita pola liberdade e a democracia durante a II República de España.

[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

 Facebook: [PSdeGdeOurense](#)

 Twitter: [@PSdeGDepOU](#)



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

CIF: G32244345

SEGUNDO.- Crear unha Comisión Técnico-Política Provincial da Memoria Histórica de Ourense, na que ademais de especialistas da Universidade de Vigo - Campus Ourense (sen descartar outras procedencias de ámbitos de estudo especializados na materia), estean tamén representados colectivos da Memoria provinciais así como as forzas políticas presentes no pleno provincial. Serán funcións desta comisión:

- a) Elaborar un censo provincial de vítimas da represión, cuxa misión será profundar na tarefa de recuperar a memoria da represión provincial, aínda incompleta e a piques de perderse en moitos casos. Neste senso, é preciso actualizar e incrementar -con achegas de familias e de persoal experto- un censo ourensán de vítimas, tanto perseguidas, como enxuzadas, detidas e asasinadas. Nese censo estarían tamén a veciñanza da provincia préa e/ou morta en campos de concentración nazis así como aquelas persoas que foron executadas por pertencer á Resistencia en Francia.
- b) Promover a elaboración de estudos e proxectos centrados na recuperación das vítimas e do seu entorno familiar.
- c) Xerar o Arquivo Ouren�án da Memoria, no que se recolla o nome e datos das vítimas, a súa historia, testemuñas de familiares, recordos físicos, etc.
- d) Diseñar e desenvolver o Servizo de Atención a Vítimas e Familiares, dende o que se lles prestaría a estas toda a información e axuda que precisen (legal, acceso a fontes documentais, etc.).
- e) Elaborar, xunto coas concellarías de educación dos concellos ourensáns, unidades didácticas sobre a historia da represión en Ourense dirixidas a escolares.
- f) Realizar un catálogo de vestixios do franquismo nos diferentes municipios, incluíndo no mesmo os nomes das rúas a cambiar, así como as direccións dos lugares onde se atopen placas con simboloxía fascista (de falanxe, tal e como aparece en numerosas fontes públicas, igrexas, edificios públicos e privados, aguias preconstitucionais, cruces dos “caídos”, etc.) e de exaltación do franquismo. Asemade, a comisión recomendará aos concellos a retirada e anulación das honras e distincións (alcaldía honorífica, fillo predilecto, medalla de ouro...) aos membros que pertenceron ao gompismo. Unha vez elaborado o catálogo será entregado a cada Concello para que o leve a pleno para a súa aprobación respecto do cambio de nome de rúas, a eliminación ou resignificación dos símbolos e monumentos fascistas e franquistas e a revogación das honras e distincións outorgadas aos autores e cómplices da represión.
- g) Establecer unha dotación orzamentaria anual da Deputación de Ourense destinada á consecución dos fins sinalados nos puntos anteriores, de xeito que esta Administración pública sexa un referente de excelencia na tarefa de recuperar e honrar a memoria das persoas que loitaron, ata coa perda da súa vida, para defender o constitucionalismo, a democracia e o progreso da nosa terra.

[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

 Facebook: [PSdeGdeOurense](#)

 Twitter: [@PSdeGDepOU](#)



**Grupo Provincial Socialista**

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

CIF: G32244345

O fin último desta iniciativa de excelencia é dignificar a memoria esquecida e vituperada das vítimas, contribuíndo a xerar concordia e a previr a reaparición de autoritarismos que destrúan a democracia e a convivencia de persoas con lexítima diversidade de xeitos de pensar.

En Ourense, 11 de outubro de 2019

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino  
Voceiro do PSdeG-PSOE na Deputación de Ourense

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

Facebook: PSdeGdeOurense

Twitter: @PSdeGDepOU